CAMIÑO DE INVERNO

DESCRICIÓN DO ROTEIRO

O Camiño de Inverno é unha ruta alternativa que empregaban os peregrinos para evitar a neve no Cebreiro. Parte de Ponferrada onde algúns peregrinos que ían polo Camiño Francés desviávanse por esta variante. Así, seguindo o val do río Sil por o Barco de Valdeorras, e continuando por Monforte e Chandada, chegaban a comarca do Deza por terras de Rodeiro e Lalín. Logo os peregrinos continúaban cara a Santiago pola Vía da Prata, dende o lugar de A Laxe.

Neste roteiro faremos o tramo do Camiño de Inverno que cruza o Concello de Lalín. Comezaremos a andaina na ponte medieval de Pedroso, aínda no Concello de Rodeiro. Andados dous quilómetros, entramos xa no Concello de Lalín polo lugar chamado a Costa do Boi que nos leva ao outeiro do Coto de Mamuela.

Cruzamos a pista que vai de Pardesoa aos Porcallos seguindo de fronte ata baixar a aldea de Palmaz. Iremos por unha pista asfaltada ata o campo da festa de Lalín de Arriba. Entraremos en Lalín pola igrexa de San Martiño para logo baixar pola rúa da Calzada ao centro urbano da vila.

O Camiño de Inverno continúa polo paseo Pontiñas e preto do seu final desvíase á dereita cara o lugar de Espiño. Unha pista asfaltada leva aos peregrinos ata a Carballeira das Casianas e despois crúzase o polígono industrial.

Superado o polígono, seguimos paralelos a autoestrada e cruzamos por debaixo dela. Uns metros máis adiante chegaremos ao lugar de A Laxe, onde o Camiño de Inverno se xunta coa Vía da Prata. Terminaremos o roteiro no albergue de peregrinos de A Laxe.

MAPAS

Mapa 1:

Pedroso - Lalín



Mapa 2:

Lalín – A Laxe



DATOS TÉCNICOS

Viarum dezae

Roteiros de Lalín

Camiño de inverno.

DOMINGO DIA 21 DE FEBREIRO DE 2016.

HORA 9:00 CONCENTRACIÓN NA PRAZA DA IGREXA
HORA 9:30 SAÍDA EN AUTOBÚS ATA PEDROSO
HORA 10:00 COMEZO DA ANDAINA

Paseo

- Distancia 5,5 quilómetros
- Dificultade moi baixa
- Duración 2 horas (11:00 a 13:00)
- Percorrido, inicio cruce pista Pardesoa-Palmaz, cruce dos cinco camiños, Palmaz, Lalín de Arriba, Igrexa de San Martiño, Lalín.

Percorrido curto:

- Distancia 11 quilómetros
- Dificultade baixa
- Duración aproximada 3 horas (10:00 a 13:00)
- Ponte de Pedroso, Costa do boi, Coto de Mamuela, Rego de Ribadeiro, cruce pista Pardesoa-Palmaz, cruce dos cinco camiños, Palmaz, Lalín de Arriba, Igrexa de San Martiño, Lalín.

Percorrido longo:

- Distancia 16 quilómetros
- Dificultade media
- Duración aproximada 5 horas (10:00 a 14:00)
- Continúa dende Lalín quilómetro cero, paseo Pontiñas, Espiño, carballeira das Casianas, Polígono Lalín 2000, albergue de A Laxe. Retorno a Lalín en autobús.

Recomendacións:

- Non apto para menores de 12 anos.
- Calzado de monte e roupa de abrigo e chuvasqueiro.
- Levar avituallamento sólido e líquido.
- Autobús para ir ao punto de partida e retornar dende A Laxe (3 €)

Inscricións en internet, pavillón Lalín Arena e Concello.
http://www.lalin.org/concellerias/turismo/movete

CAMIÑO DE INVERNO

PONTE DE PEDROSO

A ponte de Pedroso é unha antiga ponte medieval que serve para cruzar o río Arnego. Estamos ainda no Concello de Rodeiro, pero este lugar é ideal para comezar a andaina polo Camiño de Inverno, pois moi preto de Pedroso, esta rota xacobea adéntrase no Concello de Lalín.

A ponte de Pedroso conserva parte da súa estrutura medieval, ainda que posteriormente sufriu reformas e ampliacións. Moi preto están os penedos da chamada “Pena dos Mouros”, que según lendas populares agachan un tesouro.

Hai unha opinión xeral no val de Camba de que o centro de Galicia estaría nesta ponte de Pedroso, ainda que sobre esta cuestión hai opinións diversas, entre elas a do Matemático Rodríguez, que triangulou o país e situou o centro de Galicia en Bermés.

Tamén é moi interesante a igrexa de Pedroso, que é románica, aproximadamente dos séculos XII ou XIII, que conta cunha soa nave, ábside rectangular, canzorros, arco triunfal e dúas portas moi interesantes. Preto da igrexa hai un cruceiro.

CAMIÑO DE INVERNO

CRUCEIRO DE LALIN DE ARRIBA

Estamos ante un dos cruceiros máis antigos da Comarca de Deza. Data de 1679. Está situado no medio dunha encrucillada de camiños, preto dunha fonte e dunha Casa Grande, a da familia “Moure”. A escasos metros está a igrexa de San Martiño.

Está formado por unha plataforma de tres chanzos de cantería e no primeiro chanzo ten inserida unha mesa. O pedestal é de forma cuadrangular, achafranado e ten unha caaveira en cada esquina.

O fuste é octugonal e o capitel ten volutas enroscadas e en cada unha das caras unha cabeza dun anxo.

No anverso da cruz está Cristo crucificado baixo a cartela INRI. No reverso está a Virxe do Rosario apoiada sobre a cabeza dun anxo.

CAMIÑO DE INVERNO

A IGREXA DE SAN MARTIÑO

Esta igrexa pertence ao románico rural. Ten unha nave e unha ábsida rectangular, ventás en saeteira, canzorros e a entrada principal con arquivoltas sobre dous pares de columnas. No exterior, debaixo da ventá, hai unha inscrición en caracteres góticos que dí: era de 1485.

A igrexa actual está no lugar que ocupou o antigo mosteiro de San Martiño, fundado polo bispo de Mondoñedo Arias Pelaez a finais do século X e que debeu desaparecer a comezos do século XIV. A vila de Lalín nacería con posterioridade ao mosteiro para dar servizo a este. O mosteiro sería dúplice, tería estancias para homes e mulleres separadas por unha igrexa prerrománica, distinta da actual.

Antes do mosteiro, a mediados do século X, habería unicamente unha casa cunhas dependencias onde vivirían os servos e colonos dos Condes de Deza, que terían como misión repoboar e poñer a producir as terras da contorna que estarían totalmente despoboadas e improdutivas. O nome de Lalín procede de “Lalinus”, que era un deses servos dos Condes.

CAMIÑO DE INVERNO

RÚA DA CALZADA

A actual rúa da Calzada aséntase sobre o antigo camiño empedrado que comunicaba a Igrexa de San Martiño coa praza da Torre, que estaba no parque do aviador Loriga.

Ata finais dos anos oitenta existiu parte deste camiño enlousado, polo que esta rúa ven sendo outra proba máis do noso pasado histórico que non debemos esquecer, senon poñelo en valor.

CAMIÑO DE INVERNO

A TORRE DE LALÍN



En Lalín existiu unha torre. Hai varios documentos históricos que dan testemuña dela. Parece ser que foi demolida no ano 1846 e os seus sillares foron aproveitados para outras construccións. Entre os motivos da súa demolición apúntase a posibles intrigas da política local e a conciencia negativa que existía naquel tempo sobre todo o que recordase o pasado.

A falta dun estudo en profundidade sobre a torre de Lalín, movémonos no espazo da especulación en base a alusións indirectas a ela en diversas publicacións. Así, especúlase que posiblemente foi construida arredor do ano 1350 con motivo da unión da casa dos Churruchaos coa casa dos Suárez de Deza.

Alfonso Sucasas debuxou a torre de Lalín en base a unha descrición contida nun relato de Francisco Vilariño titulado “Reseña histórica del Condado de Deza”, nunha edición comentada por Armando Vázquez. Parece ser que esta torre tiña 20 metros de altura. O conxunto da torre e os pavillóns ou cobertizos que a circundaban, eran coñecidos coma o “cuartel”.

A ubicación da torre de Lalín era o parque onde actualmente está o monumento do aviador Loriga. Despois da torre estivo nese lugar a capela da Virxe das Dores que posteriormente desaparecería cando foi construída a actual igrexa de Lalín. En tempos da torre, existiu o chamado Carballo da Manteiga, de gran tamaño e altitude que daba sombra a todo o campo da torre. Alí xuntábase a xente con motivo da feira que se facía o terceiro día de cada mes.

En diversos documentos históricos que recollen contratos e aforamentos, no encabezamento, alúdese á Torre. Así se recolle en documentos dos anos 1596, 1616 e 1799. Neste último díse “En el lugar de la torre y fortaleza de Lalín, feligresía de San Martín del mismo nombre, jurisdicción de Deza…”. En documentos posteriores a 1846 a mención á Torre xa desaparece.

Apunta César Buxán no anuario descubrindo, que unha labra heráldica dos Ulloa que se atopou na casa da Meiriña, ao lado da igrexa de San Martiño podíase corresponder coa que puido existir nos edificios anexos á torre. Apunta además que a casa da Meiriña foi construída no ano 1847 xusto ao ano seguinte de ser desfeita a torre de Lalín.

Nas distintas versións do escudo de Lalín anteriores a actual aparecía unha torre coma símbolo da vila de Lalín. Posteriormente engadiuse un carballo acompañando á torre. Na versión actual do escudo xa non figura a torre, ainda que permanece o carballo.

CAMIÑO DE INVERNO

PASEO PONTIÑAS

Despois de atravesar a vila de Lalín, o Camiño de Inverno continúa polo paseo do río Pontiñas. Tralo descenso polas novas rúas abertas no Regueiriño, os peregrinos pasan por debaixo da Avenida Xosé Cuiña e continúan por este paseo fluvial.

No paseo Pontiñas destaca a beleza da vexetación de ribeira e as carballeiras que se atopan nas proximidades, especialmente a carballeira da Crespa. Os peregrinos poden ir pola senda peonil ou polo carril bici. O percorrido ten varias pontes e pontellas de madeira que van xogando co río, ao que se lle coñecen varios nomes, sendo citado como Pontiñas, Cavirtas e Bervia. Hai tamén varios muíños que foron recuperados.

A posta en valor deste paseo fluvial dou pé á presencia de aves como a garza e ánades salvaxes e incluso pode verse tamén outras especies como a lontra. Todo esto fai que estemos ante un espazo de lecer que é aproveitado polos lalinenses para pasear ou facer deporte.

Antes do final do paseo Pontiñas, o Camiño de Inverno desvíase á dereita por unha congostra que conduce aos caminantes ao fondo do Espiño. Despois cruza a estrada nacional 525 e segue en subida ata o polígono industrial Lalín 2000.

CAMIÑO DE INVERNO

CARBALLEIRA DAS CASIANAS

Despois do paseo Pontiñas, os peregrinos que vaian percorrendo o Camiño de Inverno atoparán outro espazo natural, a Carballeira das Casianas.

Este lugar contíguo ao polígono industrial, ten unha área arbolada e unha fonte que invita a deterse e refrescarse. Unha pequena parada para continuar ata o final da etapa xa preto no albergue de A Laxe.

A Carballeira das Casianas foi o lugar escollido para a celebración de eventos como a Foliada Folk e a Romaría Interxeracional, e tamén algunha edición da Feira do Cabalo e do Concurso Canino.

CAMIÑO DE INVERNO

O ALBERGUE DE A LAXE

No lugar de A Laxe prodúcese a confluencia do Camiño de Inverno coa Vía da Prata. Contemplado este fenómeno dende o punto de vista da rede viaria, estamos ante o entroncamento dunha vía que ven do sur-leste dende Sevilla e Pobra de Sanabria, a Vía da Prata, e outra que ven dende Ponferrada e se lle incorpora polo leste, o Camiño de Inverno. Estamos ante trazados moi antigos que posteriormente se integrarían da rede de "camiños reais". Varios destes camiños reais entroncan coa Vía da Prata dende A Laxe ata Ponte Taboada, confirmándose así a importancia estratéxica dos Camiños de Santiago e das pontes antigas como lugar de paso.

Ao pé da intersección destas dúas rotas xacobeas, está o albergue de peregrinos de A Laxe. Integrado no entorno, e partindo dunhas vellas edificacións existentes no lugar, a Sociedade de Xestión do Xacobeo promoveu a edificación deste novo albergue, que se fixo entre os anos 2001 e 2003.

O autor do proxecto foi o arquitecto Celestino García Braña, que resolveu a problemática da relación entre o típico e popular existente e o novo que se construiu de xeito eficaz. Inspirándose na filosofía da peregrinación, a construcción do albergue fixo da austeridade de medios condición da sua expresividade. Os materiais empregados foron pedra e tella das edificacións preexistentes, e madeira, cobre, hormigón e pizarra na parte de nova construcción.

Bibliografía:

- “A Comarca do Deza”. Daniel González Alén y Armando Vázquez Crespo.
- “Lalín. La tierra de Deza”. Armando Vázquez Crespo. Editorial Everest S.A.
- “Reseña histórica del condado de Deza”. Francisco Vilariño. Edición de Armando Vázquez.
- “Unha labra heráldica medieval en San Martiño de Lalín”. César Gómez Buxán. Anuario estudos do Deza nº11
- “Notas históricas de Deza. Achegas documentais”. César Gómez Buxán. Anuario Estudos Deza nº7
- “Proxecto arquitectónico do albergue de peregrinos de A Laxe”. Celestino García Braña. Anuario Descubrindo número 6.
- A información sobre o cruceiro de Lalín de Arriba foi facilitada por Cecilia Doporto.